CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

Edificios Administrativos San Lázaro - Santiago

Ref.CJ/ma

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo:

1°.- Que o 1 de agosto de 1956, foi aprobado o Consorcio que para o monte "TORVISO", LU-2204, pertencente ás parroquias de Carballido e Baos, subscribiron o Concello da Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2°.- Que o 12 de setembro de 1956, foi aprobado o Consorcio que para o monte "PEÑA ARMADA", LU-2208, pertencente ós veciños de Torviso e outros, subscribiron o Concello da Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma Deptutación Provincial de Lugo.

3°.- Que como en ámbolos montes se incluíran parcelas de caracter privado, na villa da Fonsagrada, o 9 de 1994, D.OVIDIO TRABADELO ALONSO, D. DIEGO OCAMPO NEIRA, Dª CONSUELO VILLAR LLOUSAS, D. GERVASIO ALVAREZ FERNANDEZ, D. WALDO NEIRA FERNANDEZ, D. FRANCISCO FERNANDEZ DIAZ, D. JOSÉ MARIA RANCAÑO FERNANDEZ, Dª MARIA DEL ROSARIO NEIRA OCAMPO, Dª MARIA FERNANDEZ FERNÁNDEZ, D. ANTONIO COUSO FERNANDEZ, D. JOSE PENELO FERNANDEZ, D. JESUS VILLAR NEIRA e D. JOSE FERNANDEZ VIEIRO, outorgaron Poder Notarial a favor de D. JOSE FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, D. URSELINO RANCAÑO QUIÑOA e D. AMADO OCAMPO NEIRA, ampliado con posterioridade mediante Escritura de Subsanación autorizada o 10 de xuño do mesmo ano, para que puideran

proponer á Conselleria de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que incluísen as 83 Hás. do monte "TORVISO", LU-2205, e as 65 Hás. do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208, da súa propiedade, que actualmente están dentro dos límites dos Consorcios de ambos montes.

4°.- Que o 8 de xaneiro do ano en curso D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ, D. URSELINO RANCAÑO QUIÑOA e D. AMADO OCAMPO NEIRA propuseron á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que incluise as 83 Hás. do monte "TORVISO", LU-2204 e as 65 Hás. do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208.

5°.- Que o 27 de xaneiro, ante tal solicitude, esta Xefatura dirixíuse ó Concello da Fonsagrada para que mostrase a súa conformidade ou disconformidade con que de os Consorcios dos montes "TORVISO", LU-2204 e "PEÑA ARMADA", LU-2208, se segregasen, respectivamente 83 Hás. e 65 Hás. que pasarían a formar parte do monte "TORVISO", a conveniar polos seus propietarios coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

6°.- Que en Sesión celebradao o 31 de xanaiero, o Pleno do Concello da Fonsagrada prestou a súa conformidade as segregacions solicitadas.

7°.- Que en consecuencia, o novo monte "TORVISO", queda constituído por:

83 Hás. do monte "TORVISO", LU-2204 e

65 Hás. do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208.

XUNTA DE GALICIA

8°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e das obras auxiliares existentes nas 83 Hás. e nas 65 Hás., a conservación e tratamento selvícola da masa forestal creada, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios concordantes con tales fins.

9°.- Que as superficies do monte "TORVISO", LU-2204, eran:

| | |
|---|---|
| superficie total. ........ | 147 Hás. |
| superficie repoboada ..... | 137 " |
| superficie inforestal .... | 10 " |

Como o monte "OUVIAÑA", 2717548, pasaron:

| | |
|---|---|
| superficie total. ......... | 50 Hás. |
| superficie repoboada....... | 47 " |
| superficie inforestal ..... | 3 " |

as superficies actuais, son:

| | |
|---|---|
| superficie total .......... | 97 Hás. |
| superficie repoboada ....... | 90 " |
| superficie inforestal ...... | 7 " |

O monte "TORVISO", pasan:

| | |
|---|---|
| superficie total .......... | 83 Hás. |
| superficie repoboada ....... | 77 " |
| superficie inforestal ...... | 6 " |

10°.- Que as superficies do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208, eran:

| | |
|---|---|
| superficie total ........... | 186 Hás. |
| superficie repoboada ........ | 173 " |
| superficie inforestal ....... | 13 " |

Como ós montes que se indican pasaron as seguintes superficies:

| Monte | Superficie total | Superficie repoboada | Superficie inforestal |
|---|---|---|---|
| "MONTE DA SERRA" 2716534 | 60 Hás. | 56 Hás. | 4 Hás. |
| "OUVIAÑA", 2717548...... | 58 " | 54 " | 4 " |
| TOTAL. ......... | 118 Hás. | 110 Hás. | 8 Hás. |

as actuais, son:

superficie total ........ 68 Hás.
superficie repoboada .... 63 "
superficie inforestal ... 5 ·

O monte "TORVISO", pasan:

superficie total ........ 65 Hás.
superficie repoboada..... 60 "
superficie inforestal. .. 5 "

11°.- Que polo tanto, as superficies actuais do monte "TORVISO", do Convenio que se propoñe, son:

superficie total. ........ 148 Hás.
superficie repoboada. .... 137 "
superficie inforestal .... 11 "

12°.-<u>Gastos por traballos e ingresos do monte "TORVISO", LU-2204.</u>

Conforme coas Certificacions que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

| | |
|---|---|
| o 31-12-1994 ........................ | 869.218.-Ptas. |
| pasado o M/"OUVIAÑA", 2717548 ........ | 298.199.- " |
| saldo actual: ........................ | 571.019.- " |

b) Ingresos:

| | |
|---|---|
| o 31-12-1994. ...................... | 850.- Ptas. |
| pasados o m/"OUVIAÑA", 2717548 ....... | 292.- " |
| saldo actual: ........................ | 558.- " |

13°.- Gastos por trabllos e ingresos do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208.

Conforme coas Certificacions que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

| | |
|---|---|
| o 31-12-1994. ....................... | 3.149.711.- Ptas. |
| pasados o m/"MONTE DA SERRA", 2716534. | 474.551,- " |
| pasados o m/"OUVIAÑA", 2717548 ....... | 1.234.689.- " |
| saldo actual: ........................ | 1.440.471.- " |

B) Ingresos:

| | |
|---|---|
| o 31-12-1994. ....................... | 530,- Ptas. |
| pasado o m/"MONTE DA SERRA", 2716534.. | 172,- " |
| pasados o monte "OUVIANA", 2717548.... | 165.- " |
| saldo actual: ........................ | 193.- " |

14°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos Consorcios dos montes "TORVISO", LU-2208, pasan á do Convenio do monte "TORVISO", son:

XUNTA DE GALICIA

a) GASTOS:

do monte "TORVISO", ,LU-2204.

traballos: 77 Hás. x 571.019.- Ptas. ...... 488.538,-Pts.
90 Hás.

administración: 7,85 x 488.538.- Ptas. .... 38.350.- "
100

gardería: 77 Hás. x 1.375.- Ptas./Há. ..... 105.875.- "

do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208.

traballos: 60 Hás. x 1.440.471,-Ptas. ..... 1.371.877.- "
63 Hás.

administración: 7,85 x 1.371.877.- Ptas.... 107.692.- "
100

gardería: 60 Hás. x 1.395,. Ptas./Há. ..... 83.700.- "

TOTAL GASTOS............ 2.196.032.-Pts.

b) INGRESOS:

do monte "TORVISO", LU-2204.

77 Hás. x 558,- Ptas. ..................... 477.- Pts.
90 Hás.

do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208.

60 Hás. x 193.- Ptas. ..................... 184,- Ptas.
63 Hás.

TOTAL INGRESOS........ 661.- Ptas.

15°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "TORVISO".
Elenco: 2717549.
Superficie: 148 Hás.
Pertenza: D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ e outros veciños.

Termo municipal: A Fonsagrada.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 1%.
Participación da Propiedade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do Convenio do monte "TORVISO", 2717549, se abra cun saldo de 2.195.371.- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran ter as contas dos Consorcios dos montes "TORVISO", LU-2204 e "PEÑA ARMADA", LU-2208, con posterioridade o peche das mesmas.

3°.- Que as características do monte LU-2204, no sucesivo sexan as seguintes:
Monte: "TORVISO".
Elenco: LU-2204
Superficie: 14 Hás.
Pertenza: Parroquia de Baos.
Termo municipal: A Fonsagrada.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "TORVISO", 2717549, das contas do Consorcio do monte "TORVISO", LU-2204 se resten as seguintes cantidades:

gastos: $\frac{77 \text{ Hás.}}{90 \text{ Hás.}}$ x 571.019.- Ptas. .......... 488.538.- Pts.

ingresos: $\frac{77 \text{ Hás.}}{90 \text{ Hás.}}$ x 558,- Ptas. ............ 477.- "

5°.- Que as características do monte LU-2208, no sucesivo sexan as seguintes:
Nome: "PEÑA ARMADA"
Elenco: LU-2208.
Superficie: Veciñoa de Ouviaño.
Termo municipal: a Fonsagrada.

6°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "TORVISO", 2717549, das contas do Consorcio do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208 se resten as seguintes cantidades:

gastos: $\frac{\text{60 Hás.}}{\text{63 Hás.}}$ x 1.440.471.- Ptas........ 1.371.877.-Pts.

ingresos: $\frac{\text{60 Hás.}}{\text{63 Hás.}}$ x 193.-Ptas. .......... 184.- "

Non obstante V.E. resolverá:

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 1995.

A XEFA DO SERVICIO DE XESTIÓN DE MONTES.

Fdo.: Carmen Juliani Aguado.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,

Fdo.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

ILMO. SR.

Visto o expediente relativo a sinatura dun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ, D. URSILO RANCAÑO QUIÑOA e D. AMADO OCAMPO NEIRA, que actúan en representación dos propietarios do Monte "TORVISO" de 148 Hás. e sito no termo municipal da Fonsagrada (LUGO), e a vista do informe favorable emitido pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, e pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da producción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba a seu Regulamento.

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 1995
A XEFE DA SECCION XURIDICA

Asdo.: Mª JOSE TATO ROCHA.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitido pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1°.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: "TORVISO".
Elenco: 2717549.
Superficie: 148 Hás
Pertenzente: D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ e outros veciños.
Termo municipal: A FONSAGRADA.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participacion da consellería no vo creado: 30%

2°.- Que a conta do Convenio do monte "TORVISO"; 2717549, se abra cun saldo de 2.195.371.- pesetas, sen perxuicio dos gastos e ingresos que puideran ter as contas dos Consorcios dos montes "TORVISO", LU-2204 e "PEÑA ARMADA", LU-2208, con posterioridade o peche das mesmas

3°.- Que as características do monte LU-2204, no sucesivo sexan as seguintes:

Nome: "TORVISO".
Elenco: LU-2204.
Superficie: 14 Hás.
Pertenza: Parroquia de Baos.
Termo municipal: A Fonsagrada.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "TORVISO", 2717549, das contas do Consorcio do monte "TORVISO, LU-2204 se restem as seguintes cantidades

gastos: $\frac{77 \text{ Hás.}}{90 \text{ Hás.}}$ x 571.019,-Pts............ 488.538,- Ptas

ingresos: $\frac{77 \text{ Hás.}}{90 \text{ Hás.}}$ x 558,- Ptas. ........... 477.- "

5°.- Que as características do monte LU-2208, no sucesivo sexan as seguintes:

Nome: "PEÑA ARMADA".
Elenco: LU-2208.
Superficie: 3 Hás.
Pertenza: Veciños de Ouviaño.
Termo municipal: A Fonsagrada.

6°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "TORVISO", 2717549, das contas do consorcio do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208. se resten as seguintes cantidades:

gastos: $\frac{60 \text{ Hás.}}{63 \text{ Hás.}}$ x 1.440.471,- Ptas. ....... 1.371.877,-Pts.

ingresos: $\frac{60 \text{ Hás.}}{63 \text{ Hás.}}$ x 193,- Ptas. .......... 184,- "

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 1995.

O CONSELLEIRO,
P.D.
SECRATARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

## C O N V E N I O

| N.º | 2 71 | 7549 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a .................... de .................... de mil novecentos noventa e ..........

## R E U N I D O S

Dunha banda, D. Tomás Pérez Vidal ...................., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. José Fernández Fernández, con D.N.I. nº 76.524.099, D. Urselino Rancaño Quiñoá, con D.N.I. nº 33.763.796 y D. Amado Ocampo Neira, con D.N.I. nº 33.724.412, veciños do lugar de Torviso, concello de Fonsagrada ...................., como representantes dos propietarios do monte "TORVISO" ...................., segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1 de Agosto de 1.956 e 12 de Septembro de 1.956 .................... para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se describen:

Denominación: "TORVISO"
Termo Municipal: Fonsagrada .................... Provincia: Lugo

Límites:

~~N~~.: PARCELA I: N.- Termo municipal de Ribeira de Piquín e "MONTE DA SERRA", 2716534; L.- Estrada do Principado de Asturias a Ribeira de Piquín; S.- Estrada do Principado de Asturias a Ribeira de Piquín y O.- Monte "OUVIAÑA".

~~S~~.: PARCELA II: N.- Propiedades particulares; L.- Propiedades particulares e monte "CUTIELOS y RODIL", LU-2211; S.- Río Rodil y Propiedades particulares y O.- Monte "OUVIAÑA"

~~L~~.:

~~O~~.:

Superficie: 148 (cento coarenta e oito) Hás.

Estado forestal: 137 (cento trinta e sete) Hás. repoboadas e 11 (once) Hás rasas inforestais.

Con arborado pertencente ós propiestarios do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 137 (cento trinta e sete) Hás.

Sen vexetación arbórea: -

Servidumes: -

## TÍTULO DE PROPIEDADE

Por Herencia dos seus antepasados

Inscrita no Rexistro da Propiedade de -

Tomo (s) - Folio (s) -

Finca (s) -

Inscrición (s) -

3ª.— O chan continuará pertencendo a D. José Fernández Fernández, D. Urselino Rancaño Quiñoá y D. Amado Ocampo Neira e demáis veciños otorgantes do Poder Notarial

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 83 Hás. do monte "TORVISO", LU-2204 e 65 Hás. do monte "PEÑA ARMADA", LU-2208

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para ós propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e ós propietarios, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ O monte está repoboado de P. sylvestris, P. pinaster e P. radiata

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Asdo.: José F. Fernández    Asdo.: Urselino R. Quiñoá    Asdo. Amado O. Neira

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL · CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

*Pola propiedade,*

Asdo.: José Fernández Fernández

Asdo.: Urselino Rancaño Quiñoá

Asdo.: Amado Ocampo Neira

*Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,*

O CONSELLEIRO,
P/D
SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

En Fonsagrada, siendo las catorce horas del día 8 de Enero de - - 1.995, se reunen D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº 76.524.099; D. URSELINO RANCAÑO QUIÑOA, con D.N.I. nº 33.763.796 y D. AMADO OCAMPO NEIRA, con D.N.I. nº 33.724.412 y en virtud del Poder Notarial otorgado en Fonsagrada el 9 de Mayo de 1.994 y de la Escritura de Subsanación de 10 de Junio del mismo año por D. OVIDIO TRABADELO ALONSO, con D.N.I. nº 76.524.094; D. DIEGO OCAMPO NEIRA, con D.N.I. nº 33.724.405; Dñª. CONSUELO VILLAR LLOUSAS, con D.N.I. - - nº 33.725.924; D. GERVASIO ALVAREZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº 33.726.406; - - - D. WALDO NEIRA FERNANDEZ, con D.N.I. nº 76.524.102; D. FRANCISCO FERNANDEZ -- DIAZ, con D.N.I. nº 76.524.076; D. JOSE MARIA FRANCAÑO FERNANDEZ, con D.N.I. nº 33.728.282; Dña. Mª DEL ROSARIO NEIRA OCAMPO, con D.N.I. nº 33.726.582; -- Dñª. MARIA FERNANDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº 33.724.420; D. ANTONIO COUSO - FERNANDEZ, con D.N.I. nº 33.724.419; D. JOSE PENELO FERNANDEZ, con D.N.I. nº 33.743.022; D. JESUS VILLAR NEIRA, con D.N.I. nº 76.524.042 y D. JOSE FERNANDEZ VIEIRO, con D.N.I. nº 33.724.262,

acuerdan:

- proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia la firma de un Convenio que afecte a 148 Hás. del monte de su pertenencia, en las que se incluyen 83 Hás. del monte "TORVISO", LU-2204 y 65 Hás. del monte "PEÑA ARMADA", LU-2208, ambos consorciados por el Ayuntamiento de Fonsagrada con el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar serán las siguientes:

Nombre: "TORVISO"

Superficie: 148 Hás.

Límites:

<u>PARCELA I.-</u> N.- Término municipal de Ribeira de Piquín y "MONTE DA SERRA", - 2716534;

E.- Carretera del Principado de Asturias a Ribeira de Piquín;

S.- Carretera del Principado de Asturias a Ribeira de Piquín;

O,- Monte "OUVIAÑA".

<u>PARCELA II.-</u> N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares y monte "CUTIELOS Y RODIL", LU-2211;

S.- Río Rodil y Propiedades particulares;

O.- Monte "OUVIAÑA".

Ref.: \CONVENIO\TORVISO

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º) Que o 17 de outubro de 1956, foi aprobado o consorcio que para o monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, como pertencente á parroquia de Carballido subscribiran o Concello de A Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Deputación Provincial de Lugo.

2º) Que o 3 de outubro de 1973 foi aprobado o consorcio do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, que, como pertencente á parroquia de Carballido, subscribiran o ICONA e o concello de A Fonsagrada.

3º) Que o 12 de xuño de 1995 foi suscrito o convenio do monte "TORVISO", 2717549, pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. Urselino Rancaño Quiñoa, D. José Fernández Fernández e D. Amado Ocampo Neira, que actuaban en nome propio e no do resto dos propietarios do monte, en virtude do poder notarial outorgado na villa de A Fonsagrada, o 9 de maio de 1994.

4º) Que o 25 de agosto de 1998, tamén na villa de A Fonsagrada, D. Ovidio Trabadelo Alonso, D. Diego Ocampo Neira, Dª Consuelo Villar Llousas, D. Waldo Neira González, D. Francisco Fernández Díaz, D. José María Rancaño Fernández, Dª María del Rosario Neira Ocampo, D. José Antonio Couso Fernández, D. Jesús Villar Neira, Dª Nélida Villar Irimia, D. José María García Álvaez e Dª Primitiva Pereira Osorio, como representantes das "casas" ás que a partición levada a cabo polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de A Fonsagrada recoñeceu a titularidade do monte, outorgaron poder notarial a favor de D. José Fernández Fernández, D. Urselino Rancaño Quiñoa e D. Amado Ocampo Neira para que puidesen:

- asinar coa Consellería de Medio Ambiente unhas novas bases para o convenio do monte "TORVISO", 2717549, que incluiran as 148 has. xa conveniadas, 51 has. do monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, 33 has. do "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, e 23 has. rasas na actualidade, sen consorciar, e

- solicitar da Consellería a cancelación do consorcio do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, nunha superficie de 97 has. que nuna foron plantadas e que no futuro serán aproveitadas polos veciños propietarios das mesmas.

5º) Que o 16 de setembro, D. José Fernández Fernández, D. Urselino Rancaño Quiñoa e D. Amado Ocampo Neira acordaron dirixirse neste sentido á Consellería de Medio Ambiente.

XUNTA DE GALICIA

6º) Que en consecuencia, o novo monte "TORVISO", 2717549, queda constituído por:

* 148 has. do monte "TORVISO", 2717549
* 51 has. do monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211
* 33 has. do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, e
* 23 has. rasas, sen consorciar.

7º) Que o convenio segue tendo por obxecto a repoboación forestal dos terreos rasos que agora se achegan, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

8º) Que as superficies do monte "TORVISO", 2717549, eran:

```
superficie total..................... 148 has.
superficie repoboada................. 137 has.
superficie inforestal................  11 has.
```

As superficies do monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, son:

```
superficie total..................... 51 has.
superficie repoboada................. 45 has.
superficie inforestal................  6 has.
```

A totalidade pasa ó monte "TORVISO", 2717549.

As superficies do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, son:

```
superficie total..................... 130 has.
superficie arbolada preexistente.....  15 has.
superficie rasa forestal.............  97 has.
superficie inforestal................  18 has.
```

Ó monte "TORVISO", 2717549, pasan:

```
superficie total..................... 33 has.
superficie arbolado preexistente..... 15 has.
superficie inforestal................ 18 has.
```

Os propietarios achegan:

```
superficie total..................... 23 has.
superficie rasa forestal............. 22 has.
superficie inforestal................  1 has.
```

Polo tanto, as superficies actuais do novo monte "TORVISO", 2717549, serán:

```
superficie total..................... 255 has.
superficie repoboada................. 182 has.
superficie arbolada preexistente.....  15 has.
superficie rasa forestal.............  22 has.
superficie inforestal................  36 has.
```

9º) Que se cancelan as seguintes superficies do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331:

```
superficie total..................... 97 has.
superficie rasa forestal............. 97 has.
```

10º) Que os gastos e ingresos do monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, son:

a) Gastos por traballos
ó 31/12/97.................................. 541.578.-ptas.

b) Ingresos
ó 31/12/97.................................. 0.-ptas.

11º) Que os gastos e ingresos do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331 son:

a) Gastos.- Memoria informativa
ó 31/12/97.................................. 260.-ptas.

b) Ingresos
ó 31/12/97.................................. 0.-ptas.

12º) Que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como por memoria informativa e ingresos que das contas dos consorcios dos montes "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, e "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, se incorporan á conta do convenio do monte "TORVISO", 2717549, son:

a) Gastos

*** do monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211:**
45/45 has x 541.578.-ptas...................... 541.578.-ptas.
administración: 7,85/100 x 541.578.-ptas...... 42.514.-ptas.
gardería: 45 has x 1.565.-ptas./has........... 70.425.-ptas.

*** do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331:**
15/15 has x 260.-ptas.......................... 260.-ptas.
administración: 7,85/100 x 260.-ptas.......... 21.-ptas.
gardería...................................... 0.-ptas.
TOTAL GASTOS............ 654.798.-PTAS.

b) Ingresos
* do monte "CUTIELOS E RODIL", LU-2211........ 0.-ptas.
* do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331..... 0.-ptas.

13º) Que a conta do convenio do monte "TORVISO", 2717549, incrementarase cos seguintes gastos: 654.798 - 0 = **654.798.-ptas.**

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1.- Que se aproben as novas bases do convenio das seguintes características:
Nome do monte: "TORVISO"
Elenco: 2717549
Superficie: 255 hectáreas
Pertenza: D. José Fernández Fernández e outros veciños
Término municipal: A Fonsagrada
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da propiedade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

XUNTA DE GALICIA

2.- Que se cancele o consorcio do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, en 97 hectáreas que, no futuro, serán administradas polos seus propietarios.

3.- Que a conta de gastos do convenio do monte "TORVISO", 2717549, se incremente en **654.798.-ptas.**, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideron ter as contas dos consorcios dos montes "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, e "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, con posterioridade á data do seu peche.

4.- Que se cancele o consorcio das seguintes características:

Nome: "CUTIELOS E RODIL "
Elenco: LU-2211
Superficie: 51 has.
Pertenza: Parroquia de Carballido
Término municipal: A Fonsagrada

4.- Que por pasar 97 has. a ser administradas polos seus propietarios e integrarse as 33 has. restantes no monte "TORVISO", 2717549, se cancele o consorcio das seguintes características:

Nome: "CUTIELOS E RODIL II"
Elenco: LU-3331
Superficie: 130 has.
Pertenza: Parroquia de Carballido
Término municipal: A Fonsagrada

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 1998

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS

Asdo.- Plácido Baamonde López

Vº E PRACE
O DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.

Asdo.- Tomás Fernández-Couto Juanas

**ILMO. SR. SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.**

Vista a solicitude de modificación das Bases do convenio subscrito entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e DON JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DON URSELINO RANCAÑO QUIÑOA E DON AMADO OCAMPO NEIRA que actúan en nome propio e en representación dos restantes propietarios do Monte "TORVISO", ubicado no termo municipal de A Fonsagrada, no senso de engadir ás 148 Has. xa conveniadas as seguintes superficies:

a ) 51 Has procedentes do Monte consorciado "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, para o que se solicita a súa cancelación ó pasar a totalidade da superficie ó Convenio.

b ) 33 Has. do Monte consorciado "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, para o que, así mesmo, se solicita a cancelación, ó pasar 97 Has. a ser administradas polos seus propietarios, e integrarse as 33 Has. restantes no Convenio do Monte Torviso.

c ) 27 Has. rasas, e sen conveniar.

Por todo o exposto, e á vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica considera que **procede**:

1º ) A modificación das Bases do devandito convenio, que quedaría integrado por 255 Has.

2º ) A cancelación do consorcio do Monte "CUBIDOS E RODIL", LU-2211, e a cancelación do consorco do Monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331,

por axustarse ó previsto na Lei 5/1997, de Fomento da Producción Forestal, o Real Decreto 1279/1978 que aproba o seu Regulamento, e o Decreto 69/1984, polo que se deixa sen aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma o artigo 57 do antedito Real Decreto.

Santiago, 3 de decembro de 1998

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Asdo.: Mª José Tato Rocha

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL**

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

**R E S O L V O**

1.- Aproba-las novas bases do convenio das seguintes características:

Nome do monte: "TORVISO"
Elenco: 2717549
Superficie: 255 hectáreas
Pertenza: D. José Fernández Fernández e outros veciños
Termo municipal: A Fonsagrada
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da propiedade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

2.- Cancela-lo consorcio do monte "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, en 97 hectáreas que, no futuro, serán administradas polos seus propietarios.

3.- A conta de gastos do convenio do monte "TORVISO", 2717549, incrementarase en **654.798.-ptas.**, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas dos consorcios dos montes "CUTIELOS E RODIL", LU-2211, e "CUTIELOS E RODIL II", LU-3331, con posterioridade á data do seu peche.

4.- Cancela-lo consorcio das seguintes características:

Nome: "CUTIELOS E RODIL"
Elenco: LU-2211
Superficie: 51 has.
Pertenza: Parroquia de Carballido
Termo municipal: A Fonsagrada

5.- Por pasar 97 has. a ser administradas polos seus propietarios e integrarse as 33 has. restantes no monte "TORVISO", 2717549, cancélase o consorcio das seguintes características:

Nome: "CUTIELOS E RODIL II"

Elenco: LU-3331

Superficie: 130 has.

Pertenza: Parroquia de Carballido

Termo municipal: A Fonsagrada

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 1998

O CONSELLEIRO,

P.D. (Orde do 12/01/98)

O SECRETARIO XERAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL

Asdo: José Luis Aboal García-Tuñón

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

# C O N V E N I O

| N.º | 271 | 7549 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a ............ de ............ de mil novecentos noventa e ............

## R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº. 76.524.099, D. URSELINO RANCAÑO QUIÑOA, con D.N.I. nº. 33.753.796 e D. AMADO OCAMPO NEIRA, con D.N.I. nº. 33.724.412, veciños do lugar de Torviso, parroquia de Carballido, termo municipal de A Fonsagrada,

como representantes dos propietarios do monte "TORVISO" segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de fun cions e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.– O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 17 de Outubro de 1.956 e 3 de Outubro de 1.973 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.– Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se detallan:

Denominación: "TORVISO".

Termo municipal: A Fonsagrada Provincia: LUGO

Límites: **PARCELA I.-**

N.: N.- Termo municipal de Ribeira de Piquín e monte "MONTE DA SERRA", 2716534; L.- Estradado Principado de Asturias a Ribeira de Piquín; S.- Estada do Principado de Asturias a Ribeira de Piquín e O.- Monte "OUVIAÑA", 2717548.

S.:

**PARCELA II.-**

N.- Rego de Parada; L.- Propiedades particulares; S.- Propiedades particulares e

L.: O.- Propiedades particulares.

**PARCELA III.-**

O.: N.- Rego de Parada; L.- Rio Rodil; S.- Rio Rodil e O.- Monte "TORVISO", LU-2204 e propiedades particulares.

Superficie: 255 (DUASCENTAS CINCOENTA E CINCO) Hás.

Estado forestal: 182 (CENTO OITENTA E DUAS) Hás. repoboadas, 15 (QUINCE) Hás. con arbolado preexistente, 22 (VINTEDUAS) Hás. rasas forestais e 36 (TRINTA E SEIS) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: 15 (QUINCE) Hás.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 45 (CORENTA E CINCO) Hás. (Outras 137 Hás. perteccn ó Convenio vixente).

Sen vexetación arbórea: 58 (CINCOENTA E OITO) Hás.

Servidumes: - - -

## TÍTULO DE PROPIEDADE

Por partición xudicial levada a cabo no Xulgado de A Fonsagrada.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de - - -

Tomo (s) - - - Folio (s) - - -

Finca (s) - - -

Inscrición (s) - - -

3ª.– O chan continuará pertencendo a D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ e resto dos poderdantes asignatarios das parcelas na partición xudicial levada a cabo po-lo Xuiz de 1ª Instancia e Instrucción de A Fonsagrada

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.– A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Medio Ambiente o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.– Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 83 Hás. do monte "TORVISO", LU-2204, 65 - Hás. do "PEÑA ARMADA", LU-2208, 51 Hás. do "CUTIELOS Y RODIL",I", LU-2211 e 33 Hás. do "CUTIELOS Y RODIL II", LU-3331.

6ª.– As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.– Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para ós propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Conselleria de Medio Ambiente recibirá o trinta por cento, e ós propietarios, o setenta por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.– En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.– O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Medio Ambiente. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

10ª.– A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automáticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións Patrimoniais e actos xurídicos documentados

11.ª– Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.– A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster, P. radiata, pseudotsuga menziesii e frondosas nos solos aptos para elas.

13ª.– O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Asdº.: José Fernández Fernández. Asdº.: Urselino Rancaño Quiñoá. Asdº.: Amado Ocampo Neira.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Pola propiedade,*

Asdº.: José Fernández Fernández.

Asdº.: Urselino Rancaño Quiñoá.

Asdº.: Amado Ocampo Neira.

*Pola Consellería de Medio Ambiente,*
O CONSELLEIRO

O CONSELLEIRO
P.D. (ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón

En el lugar de Torviso, parroquia de Carballido, término - municipal de Fonsagrada, siendo las doce horas del día 16 de Septiembre de 1.998, se reunen D. JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ, con D.N.I. nº. - - - - 76.524.099, D. URSELINO RANCAÑO QUIÑOA, con D.N.I. nº. 33.753.796 y D. AMADO OCAMPO NEIRA, con D.N.I. nº. 33.724.412, vecinos del citado lugar de Torviso y

conforme con el Poder Notarial otorgado en la villa de Fonsagrada, el 25 del pasado mes de Agosto, por D. OVIDIO TRABADELO ALONSO con D.N.I. nº. 76.524.094, D. DIEGO OCAMPO NEIRA, con D.N.I. nº. - - - 33.724.405, Dª. CONSUELO VILLAR LLOUSAS, con D.N.I. nº. 33.725.924, D. WALDO NEIRA GONZALEZ, con D.N.I. nº. 76.570.937, D. FRANCISCO FERNANDEZ DIAZ, con D.N.I. nº. 76.524.076, D. JOSE MARIA RANCAÑO FERNANDEZ, con - D.N.I. nº. 33.728.272, Dª. MARIA DEL ROSARIO NEIRA OCAMPO, con D.N.I. - nº. 33.726.582, D. JOSE ANTONIO COUSO FERNANDEZ, con D.N.I. nº. - - - - 33.752.489, D. JESUS VILLAR NEIRA, con D.N.I. nº. 76.524.042, Dª. NELIDA VILLAR IRIMIA, con D.N.I. nº. 33.724.434, D. JOSE MARIA GARCIA ALVAREZ, con D.N.I. nº. 76.524.057 y Dª. PRIMITIVA PEREIRA OSORIO, con D.N. I. nº. 33.725.415,

**acuerdan:**

- solicitar de la Consellería de Medio Ambiente la firma de unas nuevas Bases para el Convenio del monte "TORVISO", 2717549, que - incluyan a las 148 Hás. ya conveniadas, a 51 Hás. del monte "CUTIELOS Y RODIL"I", LU-2211 y a 33 Hás. del monte "CUTIELOS Y RODIL II", LU-3331, ambos consorciados por el Ayuntamiento de Fonsagrada con el Patrimonio Forestal del Estado, así como a 23 Hás., rasas en la actualidad, que - aportan de nuevo,

- solicitar de la Consellería la cancelación del Consorcio del monte "CUTIELOS Y RODIL II", LU-3331, en una superficie de 97 Hás., que nunca fueron plantadas y que en el futuro serán aprovechadas por - los vecinos propietarios de las mismas y

- solicitar de la Consellería que el Convenio ampliado, en las partes que les afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los - montes "CUTIELOS Y RODIL I", LU-2211 y "CUTIELOS Y RODIL II", LU-3331.